Documento:	**ANEXO 1211124a**
Descritor:	**D1. Biodiversidade**
Categoría 1	**1.2. Hábitats**
Categoría 2	**1.2.1. Distribución dos hábitats**
Categoría 3	**1.2.1.1. Descrición dos bancos e/ou estratos definidos na mostraxe de bancos**
Categoría 4	**1.2.1.1.1. Descrición física**
Categoría 5	**1.2.1.1.1.2. Substratos duros**
Categoría 6	**1.2.1.1.1.2.4. Calidade comercial**
Contidos	Procedemento de descrición de liña de costa de substratos duros em función da calidade comercial da especie xestionada no plan
Contidos 2	
Contidos 3	
Autor	José Manuel Parada Encisa

Inclúese o procedemneto estandarizado de caracterización da costa empregado pola ferramenta ARouSA na aplicación de avaliación de stock de percebe. Incúese a plantilla de morfoloxías empregadas para a identificación de categoráis d epercebe e os resultados da aplicación do método de asignación de calidades ás diferentes morfoloxías en dúas confrarías. Procedementos similares poden ser empregados para a caractrización da costa en función da calidade doutras especies comerciais. Para especies diferentes do percebe a descrición da costa debe acompañarse dos estandares de calidade empregados a efectos de compraración coas caracterizacións doutras zonas.

Caracterización da costa en función da calidade do percebeextraído

Os tramos incluidos en cada tipo de costa poden ser identificados polos recolectores en función da calidade dos percebes que capturan en cada un deles. Para a identificación dos tramos de costa realizaranse reunións cos recolectores co apoio de material cartográfico e fotografías aéreas e adoptando cinco categorías ou calidades de percebe: moi alta, alta, media, baixa e moi baixa. Para definir a morfoloxía dos percebes incluidos en cada categoría e facilitar posteriores comparaciós entre diferentes zonas, presentaráselle aos percebeiros unha lámina con 18 figuras de percebe a escala 1:1 representativas das morfoloxías máis comúns (Molares *et al.*, 1987) (**Figura 1**) e se lles pedirá que clasifiquen o percebe producido en cada tramo de costa nunha das categorías.



Figura 1.- Cadro de morfoloxías de percebe en Galicia para a estandarización de categorías. A escala 1:1, a serie de categorías A ten un diámetro da base do capítulo (DBC) de 24 mm; o diámetro das categorías das series B e C é de 20 e 15 mm, respectivamente. Modificado de Molares *et al.* (1987).



Figura 2.- Asignación de morfoloxías ás categorías empleadas para a identificación de estratos. Resultados obtidos en Lira (óvalos) e Cariño (polígonos). Os números de 1 (moi alta) a 5 (moi baixa) identifican a calidade asignada ás morfoloxías incluidas dentro do óvalo ou o polígono que os contén.